

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 22 DE XUÑO DE 2022

Ás 10:05 horas do día 22 de xuño de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 17 de xuño, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos da Dirección de Ingresos
D^a. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 2b e 4b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento, reparacións e subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil do Concello de Vigo (15.161-445) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 16 de xuño de 2022, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. RECALVI, S.L.
2. RODI GALICIA, S.L.
3. ÓSCAR CASTRO GÓMEZ

Os tres licitadores presentaron documentación en prazo. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:



1. RECALVI, S.L.
2. RODI GALICIA, S.L.
3. ÓSCAR CASTRO GÓMEZ

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal para escolares "Visita o teu Concello" (25.760-332)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a VAN DIVULGACIÓN CULTURAL S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento, reparacións e subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil do Concello de Vigo (15.161-445)

Procédese á desencriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal para escolares "Visita o teu Concello" (25.760-332)

Procédese á desencriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do único licitador admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:24	Páxina 2 de 2
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA649-E5B3B4-5E3D51-H92WRH-D9BGU1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		